

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O
DÍA 19 DE XANEIRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **DEZANOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do 2º tenente de Alcalde **Dº MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **Dª MARGARITA CAMPOS ESPIÑO** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Non asiste o 1º tenente de Alcalde: **Dº MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 30-12-11.-**
- 2º.- **DOMICILIO SOCIAL ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL GAITEIROS DA PEREIRIÑA.**
- 3º.- **EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE. CIERRE EN TOIRIZ.**

1º.- **APROBACIÓN ACTA ANTERIOR: ACTA 30-12-11.-**


Preséntase para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2011

A Sra. Alcaldesa dí que se aproba por unanimidade dos presentes, sin haber observacións nin opinións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:



- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2011

2º.- DOMICILIO SOCIAL ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL GAITEIROS DA PEREIRIÑA.-

Visto o escrito presentado por D^a Ana María Guzmán Santiso, en representación da Asociación Cultural e Musical Gaiteiros da Pereiriña, Rexistro de Entrada nº 197, de data 16 de xaneiro de 2012, solicitando o cambio de enderezo social para o Teleclube de Ansemil-Martixe.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º.- Autorizar que o Teleclube de Ansemil-Martixe sexa o domicilio social da Asociación Cultural e Musical Gaiteiros da Pereiriña.

2º.- Esta autorización de carácter gratuito leva esta condición especial: pode deixarse sen efecto unilateralmente polo concello en función das necesidades municipais, o que se comunicará con 15 días hábiles de antelación ó Presidenta da Asociación.

3º.- Notificar este acordo o presidente da Asociación Cultural e Musical Gaiteiros da Pereiriña.


Incorpórase á sesión nestes momentos a Interventora do Concello.

3º.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE. CIERRE E TOIRIZ.-

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2009:

“4.7.- Dase conta do informe emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, de data 20 de agosto de 2009, en relación a denuncia presentada por D^o Antonio Sueiro Sánchez contra D^o José Balo Otero, por cierre de camiño público no lugar de Toiriz (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe anteriormente mencionado, no que se sinala que alomenos un dos poste de hormigón, colocados a ambos lados e concretamente o situado na linde coa propiedade de D^o Antonio Sueiro Sánchez e parte da cancela de madeira que teñen un ancho total de 3,57/3,60 m, en un ancho de 3m, estaría ocupando terreo destinado a camiño de uso público, por unanimidade acorda notificar a D^o José Balo Otero que en prazo de quince días, deberá realizar as obras oportunas para deixar libre o camiño cun ancho de tres metros,



así como notificar este acordo a ambas partes."

Visto o escrito presentado por Dº José Balo Otero en data 04 de novembro de 2010, Rexistro de Entrada nº 4855.

Vista a documentación obrante no expediente.

Visto que con data 16 de decembro de 2011, Rexistro de Saida nº 2072 de data 19 de decembro de 2011, remítese escrito da Alcaldía o Servizo de Estructuras e Infraestructuras Agrarias solicitando información en relación o camiño de Toiriz (Silleda) copia do plano que servíu de base para o proceso de concentración parcelaria en Silleda (Polígono 4) lugar de Toiriz e copia do plano parcelario do acordo con especificación do ancho do camiño sinalado.

Visto que, mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 6 de data 02 de xaneiro de 2012 o Servizo de Estructuras e Infraestructuras Agrarias remite a documentación solicitada.

Visto que con data 16 de xaneiro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 16 de xaneiro de 2012.

Visto que con data 16 de xaneiro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:

“

<i>Data de rexistro</i>	<i>4/11/2010</i>	<i>Nº 4855</i>	<i>Data escrito</i>	<i>3/11/2010</i>
<i>Obra</i>	<i>Cerre de parcelas con postes metálicos e cinta de polietileno</i>			
<i>Tipo de obra</i>	<i>Menor</i>			
<i>Emprazamento</i>	<i>Toiriz - Silleda</i>			
<i>Referencia Catastral</i>	<i>Entre as parcelas 36052K50405001 e 36052K50400380</i>			

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da*

Xunta de Goberno Local de 19de Xaneiro de 2012



- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
- 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Visto o escrito presentado por D. José Balo Otero, que se detalla no encabezamento, polo que, no punto segundo indica: "con fecha 20 de octubre de 2010, este camino público due ocupado parcialmente por don Antonio Sueiro Sánchez mediante la colocación de una piedra, varillas metálicas y cinta de color rojo y blanco". Asimismo, no punto terceiro indica que a controversia é "la anchura de dicho camino público (2 metros o 3,60m) pero en el otro extremo, donde el que suscribe tiene colocados unos postes o cancillas".

2. En relación có ancho do vial, o día 16/12/2011, r.s. 2072, solicítase ao servizo de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Delegación Provincial da Consellería de medio Rural informe sobre os seguintes aspectos:

- Copia do plano que serviu de base para o proceso de concentración parcelaria de



- *Silleda (polígono 4)m lugar de Toiriz.
Copia do plano parcelario do Acordo, con especificación do ancho de camiño sinalado.*

3. O día 2 de xaneiro de 2011, r.e. nº 6, recíbese neste Concello escrito do organismo citado no punto anterior, asinada o 28/12/2011, que se reproduce a continuación:

Vista a documentación aportada, o técnico que subscribe, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

4. As obras executadas consisten, segundo se aprecia nas fotos, no seguinte: Cerre de parcelas con postes metálicos e cinta de polietileno.

5. Segundo o establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MENOR.

6. O solo no que se atopa a edificación, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Disposición Transitoria Primeira da LOUGA para o planeamento non adaptado, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO


7. Segundo o Artigo 106 LOUGA, Protección das vías de circulación.

*1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes, en zonas non consolidadas pola edificación, terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación estableza unha distancia superior. Únicamente se exclúe desta obrigaçión a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimita-la propiedade rústica.
En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial de aplicación.*

8. Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3)



metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.

As obras de cerre de parcela executadas a ámbolos dous lados non cumpren os recuamentos que establece a municipal vixente, nin no caso de que se asinase o compromiso de derribo por parte dos promotores, polo que se podería executar o cerre a 1 metro da aresta exterior da explanación.

Polo tanto proponse que se ordene a retirada de ámbolos dous cerres executados así como a pedra que imposibilita o libre acceso.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local segundo o contido dos citados informes técnico e xurídico, por unanimidade dos presentes acorda: conceder a Dº José Balo Otero e a Dº Antonio Sueiro Sánchez un prazo de quince días para que retiren os cierres e a pedra que imposibilita o libre acceso, por parte de ambos promotores.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

1.-Servizo de Axuda no Fogar.

Dase conta da solicitude de Carmen Miranda Pose, en calidade de coordinadora do SAF municipal, de aprobación da baixa no SAF no correspondente o programa de atención a dependencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
José Sánchez Tato	Rúa Venezuela, nº 46	Pasamento



Eduardo Ramón Mejuto

Lg. Escuadro, 5

Pasamento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación destas baixas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as trece horas e corenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe e certifico.

Vº e Prace

A ALCALDESA

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe como SECRETARIA,

Asdo. Cristina Alonso Losada

